AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALIZA

Asunto: **Solicitude de acceso á información relativa ao/s acordo/s ou memorandos de entendemento subscritos no seo de Impulsa Galicia con Altri SGPS SA para o desenvolvemento da fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa.**

(Nome)....., con DNI ……., e enderezo a efectos de notificacións en ……, actuando no seu propio nome e en representación de *(se procede)*…… ……, comparece e, como mellor proceda en Dereito,

DI

-Que perante o presente escrito procede a presentar **SOLICTUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN**, cuxo obxecto se concreta nas liñas que seguen, ao abeiro do disposto nos artigos 26 e seguintes da Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

-Que a antedita solicitude de acceso á información susténtase nos seguintes

ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Segundo recolleron os medios de comunicación en data 23 de febreiro do ano en curso, o Presidente da Xunta de Galiza afirmou coñecer o memorando de entendemento asinado no seo da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia, S.L. (Impulsa Galicia) con Altri SGPS SA para desenvolver o proxecto industrial de transformación de madeira en fibra téxtil. En concreto -citamos a noticia aparecida na edición daquel 23 de febreiro no xornal dixital praza.gal-, manifestou o Sr. Rueda a respecto do acordo ao que se chegou ou do memorando que se asinou con Altri no seo da empresa referida e participada pola Xunta de Galiza que "eu si que o coñezo e ten o carácter de confidencialidade". Ademais, engadiu que "podo asegurar que de principio a fin este expediente foi tramitado con todas as garantías e polo tanto para o seu peche definitivo as observaremos tamén e non hai ningún tipo de compensación prevista nin nada diso."

SEGUNDO. O acceso ao contido do mentado acordo foille requirido á mercantil Impulsa Galicia por parte da Confederación Intersindical Galega no mes de abril de 2025, en base ao disposto na normativa de transparencia, solicitude que non foi contestada. Dita falta de resposta foi recorrida ante a Comisión de Transparencia de Galiza, entón vencellada á institución do Valedor do Pobo. A resposta de desa Comisión -Resolución do Expediente RSCTG 125/2025- foi denegatoria do acceso á información requirida, argumentando que a empresa -Impulsa Galicia- era "un suxeito privado que non está incluído no ámbito de aplicación subxectivo da lexislación de transparencia", e concluíndo o seguinte:

> **"De acordo co anterior, a documentación solicitada, non é documentación adquirida ou elaborada por un suxeito obrigado pola normativa de Transparencia no exercicio das súas funcións, non sendo en consecuencia, información pública, polo que en base ao disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das**

Administracións Públicas, ao non ser a falla de contestación a unha solicitude presentada ante unha empresa privada, un acto susceptible de recurso, procede a inadmisión da reclamación presentada".

TERCEIRO. Alén de que a conclusión de que Impulsa Galicia non estea obrigada polo disposto na normativa sobre transparencia, asunto sobre o que se pronunciará proximamente o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o certo é que vostede, na súa condición de Presidente da Xunta, si está obrigado a facer pública a información que coñeza no exercicio do seu cargo, é dicir, no ámbito das súas competencias, consonte ao disposto no artigo 3.1.a) da Lei autonómica 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 2.1.a) da Lei estatal 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En base ao exposto, e ao abeiro dos artigos 26 e seguintes da Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,

SOLICITO:

1º. Que por parte desa Presidencia se informe a quen subscribe dos termos que manifesta coñecer, relativos ao contido do acordo, ou acordos, ou memorandos de entendemento, subscritos no seo de Impulsa Galicia coa finalidade de desenvolver o proxecto para a fabricación de fibras téxtiles sostibles utilizando como materia prima principal madeira procedente dos montes galegos, así como reciclaxe téxtil (proxecto Gama ou proxecto Altri).

2º. Que por parte desa Presidencia se ratifique que, segundo manifestou publicamente, non hai ningún tipo de compensación prevista que poida derivarse da recente decisión administrativa de caducidade do procedemento autorizatorio, e que se concrete se esa afirmación trae causa de que as empresas promotoras do proxecto tivesen renunciado formalmente a reclamar calquera tipo de responsabilidade patrimonial á Xunta de Galiza.

3º. Que no caso de que por parte desa Presidencia se considere que a presente solicitude deba ser concretada e/ou modificada, segundo dispón o artigo 26.2 da Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e en relación coa anterior solicitude, se satisfaga o dereito de quen subscribe a recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito perante o Sistema integrado de atención á cidadanía regulado na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

En ……., a ….. de …… de 2026.

Asdo.: ……